- ***Guía del huerto escolar (Experiencias Pedagógicas).*** Carlos Romón Salinas.Ed. Popular.
- ***Tu planeta te necesita,*** Philip Bunting. RBA
- ***Que teñen que ver as vacas co cambio climático?*** Marian Martinez Izquierdo e Luisa Martínez Lorenzo. Hércules de edicións.
- ***Salvamos o planeta. E logo... por que?. Respostas rápidas para preguntas enxeñosas.*** *E. Xerais Básicas Ciencia.*
- ***Eco Héroes. Vidas en defensa del planeta.*** Federico Magrin. VV Kids
- ***Atlas de la Emergencia Climática. Que ocurre y como combatirla.*** Don Hocke. DK.
- ***En el corazón del Bosque.*** Agustín Fernández Paz. Ed. Anaya;

- ***Documentais como : "Kiss the Ground"***
- ***Peligro Vegetal***. Ramón Caride. Anaya.
- ***Cuentos para salvar el planeta .*** Anna Casals y Paolo Ferri,...
- ***Revistas infantis con temática relacionada cos perigos do cambio climático: Papagaio: 1, 6, 7, 31..., DOC: 284, 291, 292 ...***
- ***Vídeos didácticos de HOPE, Teachersforfuturespain...***

**Temporalización**:

Durante todo o curso en sesións de 50 minutos a dinamización partirá da sesión semanal de Proxecto Competencial e extenderase polas áreas de C. Sociais e Ed. Plástica e Visual. Tamén se empregará a hora de ler e o "móvete quince" para acadar algúns dos obxectivos establecidos. Será

**Metodoloxía**:

Traballaremos a través dunha metodoloxía activa e do descubrimento guiado, para que o alumno sexa capaz de construír as súas propias aprendizaxes de maneira autónoma. Apoiarémonos na maioría das actividades de soporte escrito e audiovisual, priorizando en todo momento o traballo en pequeno grupo a través da comunicación oral, axustándonos ás características do alumnado.

**Contribución ás competencias básicas e transversais e competencias claves da Unión Europea:**

O desenvolvemento desta unidade contribuirá ao crecemento do conxunto das competencias claves definidas no marco normativo, en especial ás competencias sociais e cívicas, ás de aprender a aprender e ás do sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Buscarase o logro da conciencia social e da intervención no medio e porase en valor a creatividade e o traballo en equipo na resolución de problemas ambientais.

**Obxectivos xerais:**

- *Coñecer e valorar o seu entorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e cuidado do mesmo.*
- *Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.*

**Obxectivos específicos**:

- *Comprender o papel que temos en coidar o medio ambiente que nos rodea e no resto do mundo.*
- *Coñecer as principais causas do cambio climático e as súas consecuencias inmediatas e a longo prazo.*
- *Entender a importancia de preservar a biodiversidade en tódolos ecosistemas terrestres, especialmente no noso horto escolar.*
- *Valorar a agricultura e gandaría sostibles como un modo de loitar contra a deforestación e os incendios no rural galego.*
- *Coñecer as principais características e beneficios da agricultura rexenerativa e aplicala na horta escolar.*
- *Realizar accións de coidado do medio ambiente que podamos compartir co resto da contorna educativa e comunitaria (compostadora).*
- *Promover a nosa capacidade como defensoras e defensores das especies autóctonas e da diversidade das especies.*
- *Desenvolver unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, a relación coa natureza e a utilización sostible dos recursos naturais.*
- *Promover accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nas nosas contornas educativas e comunitarias.*
- *Poñer en prácticas as tres R: reducir, reutilizar e reciclar na vida diaria.*
- *Fomentar a redución de consumo enerxético na casa e no colexio.*
- *Promover o aproveitamento da auga de choiva para emprego na horta.*

**Contidos**:

- *O medio ambiente: coidado, sobrexplotación, biodiversidade, ecosistemas, agricultura rexenerativa e gandaría extensiva, insectos beneficiosos para os cultivos, especies autóctonas…*
- *Problemas que afectan a biodiversidade do noso entorno: incendios, ecosistemas en desequilibrio, deforestación, abandono do medio rural…*
- *O modelo de consumo responsable.*
- *Impacto medioambiental de accións humanas: turismo, agricultura e gandaría intensiva, consumismo…*

**Criterios de avaliación.**

- *Tomar conciencia dos "desastres naturais" que afectan ao noso país e continente continuamente.*
- *Concienciar sobre as responsabilidades individuais e sociais de frear o cambio climático (resíduos cero).*
- *Realizar accións que servan para conter o cambio climático e que podamos compartir co resto da contorna educativa e comunitaria (agricultura rexenerativa, compostaxe).*
- *Recoñecer e defender a importancia da biodiversidade nos ecosistemas próximos (hotel de insectos).*
- *Coñecer o funcionamento dos ecosistemas e a facilidade de que sofran desequilibrios por mor da acción do ser humano.*
- *Coñecer as principais causas dos incendios no rural galego e valorar a agricultura e gandaría sostibles (aldeas modelo…) como un modo de loitar contra eles e contra a deforestación.*
- *Desenvolver unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, á relación coa natureza e á utilización sostible dos recursos naturais.*
- *Promover accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nas nosas contornas educativas e comunitarias.*

**Indicadores de logro ou desempeño.**

1. *Identifica os elementos da natureza e do planeta.*
2. Distingue as causas e consecuencias inmediatas e a longo prazo do cambio climático.
3. *Infórmase e toma conciencia dos "desastres naturais" que afectan ao noso entorno próximo.*
4. *Coñece as características dos ecosistemas e a facilidade de que sofran desequilibrios por mor da acción do ser humano.*
5. *Defende a biodiversidade nos ecosistemas próximos (agricultura rexenerativa, hotel de insectos…).*
6. *Identifica as principais causas dos incendios no rural galego e valora a agricultura e gandaría sostibles (aldeas modelo…) como un modo de loitar contra eles e contra a deforestación.*
7. *Describe o papel que temos en coidar o medio ambiente que nos rodea e no resto do mundo.*
8. *Realiza varias accións de coidado do medio ambiente que podamos compartir co resto da contorna educativa e comunitaria.*
9. *Identifica e recoñece a importancia de protexer a biodiversidade nos bosques.*
10. *Participa na defensa do medio ambiente e en frear o cambio climático.*
11. *Desenvolve unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, a relación coa natureza e a utilización sostible dos recursos naturais.*
12. *Promove accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nas nosas contornas educativas e comunitarias*

***<u>Avaliación</u>***:

Será continua, baseada na observación diaria, mediante a recollida de datos segundo un rexistro de ítems. Para avaliar o resultado utilizaremos a seguinte táboa de dobre entrada, sendo avaliada por cada un dos alumnos/as e polo docente. A táboa indícase os seguintes aspectos (SI (S), NON (N), Mellorable (Me).

**<u>Avaliación profesorado:</u>**

| | **S** | **N** | **Me** |
|---|---|---|---|
| A experiencia resultou satisfactoria? | | | |
| Cal foi o sentir do alumnado? | | | |
| Os nenos/as foron protagonistas? | | | |
| Participaron as familias? | | | |
| O alumnado expuxo  o seu proxecto? | | | |
| Foi axeitada a temporalización? | | | |
| Acadáronse os obxectivos específicos propostos? | | | |
| As actividades resultaron atractivas? | | | |
| Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados? | | | |
| A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben? | | | |
| Desenvolvemos os obxectivos iniciais? | | | |
| O proxecto aplicase a vida cotiá do alumnado? | | | |

**Avaliación do alumnado:**

| | S | N | Me |
|---|---|---|---|
| A experiencia resultouche satisfactoria? | | | |
| Te consideraches que fuches o protagonista da actividade? | | | |
| A túa familia axudouche a entender os libros? | | | |
| Fuches quen de expoñer o proxecto ante os teus compañeiros/as? | | | |
| Deuche tempo a ler cada un dos libros? | | | |
| Fuches capaz de resolver os problemas que se lle presentaban a cada un dos personaxes? | | | |
| Gustáronche os libros? | | | |
| Serías capaz de aplicar o que aprendiches para conseguir novos amigos/as? | | | |
| Gustouche a maneira de traballar os contos a través do diálogo e o intercambio cos compañeiros/as? | | | |
| Resultouche interesante o que liches nos libros? | | | |

# 6º de E.P.

## "HORTA ESCOLAR: INCLUSIÓN SOCIAL E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE NO MARCO DOS ODS 2030"

O curso 2024/2025, o P.D.I. de 6º curso de Educación Primaria segue a directriz marcada polo PDI Anual do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro ***" No Sueiro plantamos as sementes dunha convivencia diversa e multicultural, para recoller os seus froitos no noso horto escolar"*** . Neste curso escolar a temática céntrase na importancia dos ***hortos escolares*** centrándonos nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) dentro da Axenda 2030. O grupo de 6º de Educación Primaria traballará fundamentalmente os ***ODS 2 (Fame cero) e ODS 15 (Vida nos ecosistemas terrestres)*** que busca tomar medidas urxentes para combater o cambio climático e establecer unha resposta global para fortalecer a capacidade de adaptación e a resiliencia das distintas comunidades en relación cos riscos climáticos.

A loita contra o cambio climático, tanto a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro como a adaptación ao cambio climático, é unha prioridade para España. O obxectivo é prepararnos para afrontar os impactos do cambio climático, sentar as bases dunha economía neutra en emisións e acompañar aos colectivos máis vulnerables no proceso de transición.

O carácter transversal da loita contra o cambio climático fai que as actuacións abarquen o sector da **agricultura** xa que é un sector especialmente vulnerables aos impactos do cambio no clima.

O proxecto "Horto Escolar: Inclusión Social e Desenvolvemento Sostible no marco dos ODS" non só enriquecerá a aprendizaxe académica, senón que fomentará a cohesión social, o respecto polo medio ambiente e a comprensión dos ODS. Coa xardinería, os estudantes non só aprenderán sobre bioloxía e ecoloxía, senón que tamén desenvolverán habilidades interpersoais e un forte sentido de comunidade.

Para a realización do Proxecto Documental Integral durante todo o curso escolar 2024/2025 utilizaremos diversos materiais entre os que se encontrar os seguintes:

**Libros de consulta:**

- **"Hortos escolares: unha guía para educadores"**- Centro de Recursos para a Educación
- **"Guía de hortas urbanas"**-FAO
- **"Permacultura. Unha guía práctica para a agricultura da vida real"**- David Holmgren
- **"Educación para a sustentabilidade: un enfoque práctico"**- Nacións Unidas
- **"O pequeno libro da agricultura urbana"**- Carles Agustí & Adelaida Toquero

**Temporalización**:

Durante todo o curso en sesións de 50 minutos a dinamización partirá da sesión semanal de Proxecto Competencial e extenderase polas áreas de C. Sociais e Ed. Plástica e Visual. Tamén se empregará a hora de ler para acadar algúns dos obxectivos establecidos.

**Metodoloxía**:

- **Aprendizaxe experiencial:** utiliza o xardín como un espazo práctico de aprendizaxe, onde os alumnos participan activamente en todas as etapas do cultivo.
- **Educación inclusiva:** garante que todos os alumnos, independentemente das súas capacidades físicas ou cognitivas, participen na actividade do xardín.
- **Interdisciplinariedade:** integra materias como ciencias, matemáticas, arte e educación física mediante actividades de xardín.

**Contribución ás competencias básicas e transversais e competencias claves da Unión Europea:**

O desenvolvemento desta unidade contribuirá ao crecemento do conxunto das competencias claves definidas no marco normativo, en especial ás competencias sociais e cívicas, ás de aprender a aprender e ás do sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Buscarase o logro da conciencia social e da intervención no medio e porase en valor a creatividade e o traballo en equipo na resolución de problemas ambientais.

**Obxectivo xeral:**

Promover a inclusión social e a aprendizaxe sobre a sustentabilidade mediante a creación e xestión dun horto escolar, aliñado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 2030.

**Obxectivos específicos:**

- Potenciar o traballo en equipo e a colaboración entre o alumnado de diferentes contextos e capacidades sociais.
- Educar ao alumnado sobre a produción de alimentos sostible e o coidado do medio ambiente.
- Contribuír á seguridade alimentaria da comunidade educativa mediante a produción de hortalizas e hortalizas.
- Sensibilizar á comunidade escolar sobre os ODS, destacando o ODS 2 (Fame Cero) e o ODS 15 (Vida dos Ecosistemas Terrestres).
- Desenvolver habilidades prácticas e teóricas en xardinería, bioloxía e nutrición.

**Contidos**:

- ODS 2 e 15 e a súa importancia para o futuro do planeta.
- Definición e principios da inclusión social, así como a súa relevancia na educación e a comunidade.
- Concepto de desenvolvemento sostible e os seus tres piares: económico, social e ambiental.
- Importancia da biodiversidade na agricultura e a súa relación coa sustentabilidade.
- Prácticas sostibles na agricultura, como o uso de técnicas de cultivo ecolóxicas.
- Plan de cultivo que inclúa a selección de plantas, o espazo dispoñible e o calendario de sementa.
- Técnicas de Cultivo e aplicar técnicas de cultivo sostible, como a rotación de cultivos, a compostaxe e o uso de pesticidas naturais.
- Traballo en Equipo.
- Responsabilidade do traballo en equipo.
- Respecto pola Diversidade e a valoración das diferenzas entre os compañeiros, así como a diversidade de especies na horta.
- Compromiso Social cara á comunidade e a contorna, entendendo o impacto das nosas accións no desenvolvemento sostible.
- Solidariedade entre os alumnado, apoiando a aqueles que poidan ter dificultades no traballo en equipo ou na aprendizaxe.

**Criterios de avaliación.**

1. Potencia o traballo en equipo e a colaboración entre o alumnado de diferentes contextos e capacidades sociais.
2. Potencia no alumnado o coñecemento sobre a produción de alimentos sostible e o coidado do medio ambiente.
3. Contribuír á seguridade alimentaria da comunidade educativa mediante a produción de hortalizas.

4. Sensibiliza ao alumnado sobre os ODS, destacando o ODS 2 (Fame Cero) e o ODS 15 (Vida dos Ecosistemas Terrestres).

5. Desenvolve habilidades prácticas e teóricas en xardinería, bioloxía e nutrición.

**Indicadores de logro ou desempeño.**

***Potencia o traballo en equipo e a colaboración entre o alumnado de diferentes contextos e capacidades sociais.***

- Indicador 1: Porcentaxe de actividades realizadas en grupo onde todos os membros participan activamente.

- Indicador 2: Avaliación da colaboración entre o alumnado a través de cuestionarios ou observacións directas.

- Indicador 3: Número de propostas de solucións conxuntas a problemas que xurdan durante a xestión do horto.

***Potencia no alumnado o coñecemento sobre a produción de alimentos sostible e o coidado do medio ambiente.***

- Indicador 1: Realización de actividades formativas sobre prácticas de agricultura sostible (talleres, charlas, etc.).

- Indicador 2: Avaliación do coñecemento adquirido a través de cuestionarios antes e despois das actividades educativas.

- Indicador 3: Participación dos estudantes en actividades de coidado do medio ambiente (recollida de lixo, compostaxe, etc.).

***Contribuír á seguridade alimentaria da comunidade educativa mediante a produción de hortalizas.***

- Indicador 1: Cantidade de hortalizas producidas e distribuídas á comunidade educativa.

- Indicador 2: Número de familias que se benefician da produción do horto.

- Indicador 3: Feedback da comunidade educativa sobre a calidade e utilidade das hortalizas producidas.

***Sensibiliza ao alumnado sobre os ODS, destacando o ODS 2 (Fame Cero) e o ODS 15 (Vida dos Ecosistemas Terrestres).***

- Indicador 1: Número de actividades de sensibilización realizadas sobre os ODS.

- Indicador 2: Participación da comunidade escolar en eventos relacionados cos ODS (charlas, exposicións, etc.).

- Indicador 3: Grao de coñecemento sobre os ODS antes e despois das actividades de sensibilización.

***Desenvolve habilidades prácticas e teóricas en xardinería, bioloxía e nutrición.***

- Indicador 1: Avaliación das habilidades prácticas adquiridas a través de observacións durante as actividades no horto.

- Indicador 2: Realización de proxectos ou presentacións sobre temas relacionados con xardinería, bioloxía e nutrición.

- Indicador 3: Feedback dos estudantes sobre a súa aprendizaxe e habilidades adquiridas ao longo do proxecto.

**Etapas:**

1. **Planificación:**
   - Selección do espazo e deseño do xardín.
   - Identificación de roles e responsabilidades entre o alumnado.
2. **Implementación:**
   - Preparación do terreo, selección de cultivos e sementeira de sementes.
   - Establecemento do calendario de actividades.

3. **Seguimento e mantemento:**
    - Coidados regulares do xardín (rego, desbroce, etc.).
    - Rexistro do crecemento das plantas e observacións sobre o medio.
4. **Avaliación e reflexión:**
    - Avaliar os resultados da horta (produción de alimentos, participación do alumnado).
    - Reflexionar sobre a inclusión e aprender sobre os ODS.

**Actividades:**

1. **Obradoiros de formación:**
    - Obradoiros de técnicas de cultivo, coidado das plantas e sustentabilidade.
2. **Días de sementeira:**
    - Ofrecer días comunitarios para plantar cultivos, implicando pais e membros da comunidade.
3. **Actividades de educación inclusiva:**
    - Xogos e dinámicas que fomenten a interacción e o respecto entre todo o alumnado durante o traballo na horta.
4. **Charlas e conferencias:**
    - Convida a especialistas en sustentabilidade e agricultura urbana a falar da importancia dos ODS.
5. **Cociña e nutrición:**
    - Organiza sesións de cociña con produtos da horta para ensinar sobre nutrición e alimentación saudable.

6. **Exposición final:**
    - Presentar o proxecto e os resultados obtidos á comunidade educativa, destacando a inclusión e coñecendo os ODS.

***Avaliación*:**

Será continua, baseada na observación diaria, mediante a recollida de datos segundo un rexistro de ítems. Para avaliar o resultado utilizaremos a seguinte táboa de dobre entrada, sendo avaliada por cada un dos alumnos/as e polo docente. A táboa indícase os seguintes aspectos (SI (S), NON (N), Mellorable (Me).

**Avaliación profesorado:**

| | S | N | Me |
|---|---|---|---|
| A experiencia resultou satisfactoria? | | | |
| Cal foi o sentir do alumnado? | | | |
| Os nenos/as foron protagonistas? | | | |
| Participaron as familias? | | | |
| O alumnado expuxo  o seu proxecto? | | | |
| Foi axeitada a temporalización? | | | |
| Acadáronse os obxectivos específicos propostos? | | | |
| As actividades resultaron atractivas? | | | |
| Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados? | | | |
| Resultou ben a metodoloxía de aprendizaxe por proxectos? | | | |
| Desenvolvemos os obxectivos iniciais? | | | |
| O proxecto aplicase a vida cotiá do alumnado? | | | |
| Houbo un cambio real na realidade da noso centro? | | | |

**Avaliación do alumnado:**

| | S | N | Me |
|---|---|---|---|
| A experiencia resultouche satisfactoria? | | | |
| Consideras que fuches o protagonista da actividade? | | | |
| A túa familia axudouche a entender os libros? | | | |
| Fuches quen de expoñer o proxecto ante os teus compañeiros/as? | | | |
| Deuche tempo a ler cada un dos libros? | | | |
| Fuches capaz de resolver os problemas que se lle presentaban a cada un dos personaxes? | | | |
| Gustáronche os libros? | | | |
| Gustouche a maneira de traballar os contos a través do diálogo e o intercambio cos compañeiros/as? | | | |
| Resultouche interesante o que liches nos libros? | | | |
| Fixeches propostas para mellorar o proxectos realizados? | | | |
| Participaches activamente nos proxectos formulados? | | | |

# ÁREA DE INGLÉS

**PAL. ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA. CURSO 2024-2025**

Desde a nosa área, participaremos no Plan Anual de Lectura seguindo as recomendacións do **Plan LIA** na súa terceira fase **2021-2025** nos ámbitos de **Lectura, Información e Aprendizaxe.**

Así mesmo, e conforme aos **Obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable,** programamos as seguintes liñas de acción:

1. **EDUCACIÓN DOCUMENTAL:**
   I.1.- Busca de información en distintos soportes.
   I.2.- Selección da información.

I **FOMENTO DE LECTURA:**
   II.1.- Promover a Lectura
   II.2.- Hora de Ler.

II **PDI de centro**

**I.- EDUCACIÓN DOCUMENTAL:**

Remitimos aos apartados de fomento de lectura e PDI de centro para ver as accións concretas.

**II.- FOMENTO DE LECTURA:**

**II.1.- Promover a lectura.**

Desde a nosa área as lecturas están integradas nos diferentes centros de interese programados para este curso, e sempre dependendo da capacidade de ***reading*** do noso alumnado.

- **E.I.**: Desde a área de inglés, apoiámonos en **Big Books** cheos de cores e adaptados á comprensión dos nenos/as de E. Infantil para achegalos ao pracer dos libros e da lectura.

  Para achegar aos máis peques ás partes do corpo, usamos **"The Gruffalo"**, e para coñecer animais e afianzar as cores, **"Dear Zoo", "Nelly paint a monster"** e **"Collin's colours".**
- **E.P.:** Nos diferentes cursos integraremos algunhas lecturas nas diferentes unidades didácticas.

  **- 1º: "Blippy the robot"** e colección bilingüe **"Pepe en Inglaterra".**

  **- 2º:** Colección bilingüe **"Pepe en Inglaterra".**

  **- 3º:** Colección **"Winnie the witch"**

  **- 4º, 5º:** Colección **"Clara secret".**

  **- 6º: "The Biggest".**

**II.2.- Hora de Ler. Club de Lectura SUEIRIÑOS,- AS.**

**II.2.1.- Introducción:** Na hora de Ler, mércores e xoves , reunirémonos no **club de lectura** para desenvolver as actividades propias do club.

O lema elixido para este curso é: **"Club de Lectura Sueriños,-as. Sementeiro lector".**

**NOTA:** Daremos información pormenorizada no apartado adicado ao PDI do centro, coa achega do noso club de lectura

**II.2.2.- Curso: 6º E.P.**

**II.2.3.- Horario:** O mesmo de todo o centro: 12:00 – 12:20 mércores e xoves.

**II.2.4.- Título:** "El brazalete mágico". ( Ed. OXFORD)

**II.2.5.- Modo de lectura:** Gran grupo, lectura expresiva.

**II.2.6.- Xustificación:** A lectura da Hora de Ler permite, desde o meu punto de vista, ademais da comprensión lectora, darlle importancia ao traballo en equipo para a resolución de problemas, desde a visión dos nenos/as.

**II.2.7.- Obxectivos:**

Son aqueles marcados nos **puntos 2.1.3.c. Liñas de actuación e 5.2.3. Desenvolvemento das competencias lectoras do Proxecto Lector do Centro** que enmarca tódalas actividades de lectura desenvolvidas no noso centro.

**II.2.8.- Actividades:**

**II.2.8.1.- Previas á lectura.**

- Treboada de ideas sobre o que o título lles suxire.

- Visitaches Grecia? Que coñeces do país?
- Sabes algo da súa gastronomía?
- Visionado dos vídeos sobre a historia de Grecia e a cidade de Atenas.
- Presentación do volume a ler.

**II.2.8.2.- Durante a lectura.**

- Consulta de dúbidas de vocabulario.
- Reflexión sobre cada unha das aventuras lidas.

**II.2.8.3.- Despois da lectura.**

- CDU do libro.
- Ficha bibliográfica do libro.
- Ficha de comprensión lectora.
- Debate sobre o tema do libro.

**III.- PDI. <u>de centro.</u>**

Contribuiremos ao PDI de centro cun proxecto desenvolvido ao longo de todo o curso escolar, desde distintos cursos de E. Infantil e E. Primaria.

**<u>III.1.- Introducción.</u>**

Os proxectos na escola son unha estratexia metodolóxica que forma parte das denominadas metodoloxías activas de aprendizaxe. Como dixo Kilpatrick, un dos iniciadores deste tipo de metodoloxías, "un proxecto é unha entusiasta proposta de acción para desenvolver nun ambiente social determinado", neste caso a escola.

O proxecto que presentamos é documental e integrado polas seguintes razóns:

- Utilízanse todos os materiais da biblioteca escolar en todo tipo de soporte.
- Na súa programación e desenvolvemento emprégase documentos de ficción e de coñecemento.
- Promóvese a implicación de moitas áreas do coñecemento escolar e extraescolar.
- Desenvólvese a partir dun tema global.
- Supón a participación de varios docentes e da comunidade educativa (familias, persoal non docente, asociacións...).

### III.2.- Xustificación.

Este curso, incorporámonos ao PDI do centro: ***" No Sueiro plantamos as sementes dunha convivencia diversa e multicultural, para recoller os seus froitos no noso horto escolar"*** dentro da **Axenda 2030 por un desenvolvemento sostible**. Contribuiremos traballando varios **obxectivos:**

1.- Remate da pobreza
2.- Fame cero.
10.- Redución das desigualdades.
17.- Alianzas para lograr os obxectivos.

Ademais, a nosa achega a este **PDI**, e, seguindo as recomendacións da **Asesoría de Bibliotecas Escolares**, sairá **"A ESCENA"**, sendo a **HORTA ESCOLAR** o maior é mellor **TEATRO** escolar.

### III. 3.- Área e nivel:

O PDI enmárcase na area de plástica, en 6º curso de E.P., na Hora de Ler en 6º E.P., na etapa de E. Infantil e en 1º E. Primaria.

O ensino será trilingüe: inglés, galego e castelán.

#### III.3.1.- Área de plástica, 6º E. Primaria.

Nesta área, cunha sesión semanal, elaboraremos o mural do noso proxecto, a xeito de cartel publicitario dunha obra de teatro.

O mural será o lema do Club de Lectura, cun título, subtítulo e relación do teatro coa horta escolar.

Traballarase o volume coa elaboración de columnas gregas, a perspectiva para darlle fondo ao cartel e o deseño das liñas da arquitectura grega.

Asi mesmo, elaboraremos as máscaras típicas do teatro grego.

**Temporalización**: 1º trimestre.

#### III.3.2.- Hora de Ler, 6º E. Primaria. Club de Lectura.

Ademais do indicado no **apartado II.2,** o noso club de lectura fai a seguinte achega:

**Título:** Club de Lectura Sueiriños, -as. Sementeiro Lector.

**Subtítulo**: De Talía a Melpómene.

**Liña de traballo**: Sementando prosa: "El brazalete mágico"
Agromando poesía. "La Odisea"
Florecendo o teatro clásico grego.

Deste xeito mesturamos o teatro clásico grego, berce do teatro, co vocabulario propio da horticultura.

**Temporalización:** Todo o curso.

### III.3.3.- E. Primaria, 1º curso. Lingua estranxeira, inglés.

Na área de lingua estranxeira, inglés, achegarémonos ao mundo teatral da man dun **monicreque, Sam, un esquío** que será o que guíe os seus pasos polos **froitos do outono** en lingua inglesa.

O **escenario** de Sam será **unha árbore na imaxinaria horta da aula**, sendo os **Sam's helpers** os **"actores"** do PDI desta área.

**Temporalización**: 1º trimestre.

### III.3.4.- E. Infantil. Lingua estranxeira, inglés.

En toda a etapa de E. Infantil o noso proxecto leva por título: **"On a happy orchard".**

Neste proxecto mesturamos produtos da **horta, teatro de monicreques** e **emocións.** O conto é creación propia da mestra e será o fío condutor polas emocións dos máis peques. Serviranos para presentar as cores, números e o vocabulario propio do tema.

**Temporalización**: Todo o curso.

### III. 4.- Recursos:

A biblioteca escolar proporcionaranos os seguintes recursos:

#### III. 4. 1.- Fontes escritas:

- «El brazalete mágico». ( Ed. OXFORD )
- «La Odisea». ( Ed. EDEBÉ )
- «A happy orchard» ( Creación propia da mestra )

#### III.4.2.- Documentos dixitais

https://www.fao.org/world-food-day/about/en

https://www.youtube.com/watch?v=RchSJSJAbc0

https://www.youtube.com/watch?v=CVmfBnJygTA

**III. 5.- Proposta metodolóxica:**

A nosa proposta metodolóxica de aprendizaxe baséase nunha dinámica activa, cooperativa e centrada na experiencia próxima aos alumnos/as, partindo dos seus intereses, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos.

**III. 6.- Obxectivo xeral:**

Tomar conciencia da necesidade da agricultura máis próxima e sostible como xeito de achegamento entre comunidades, neste caso, a escolar, e a escaseza de alimentos, que acentuada pola presión das actividades humanas e o cambio climático, está levando á destrución de comunidades enteiras.

**III. 7.- Obxectivos específicos:**

- Sensibilizar sobre o importante valor natural e a fraxilidade de distintos lugares do planeta, tendo en conta a incidencia das actividades humanas e o cambio climático asociado á pobreza e a fame
- Conseguir un conxunto de coñecementos sobre os lugares máis desfavorecidos do planeta e os seus recursos, para que o alumnado incremente o nivel de respecto e estima cara eles.
- Recoñecer o teatro como fonte de comunicación e elemento audiovisual de achegamento entre as persoas.
- Coñecer distintas formas teatrais: máscaras gregas, monicreques, mimo, ...

**III. 8.- Bloques de contidos:**

**Bloque 1.- Educación audiovisual.**

Visionado de imaxes de lugares en risco extremo de hambruna co fin de coñecer o estado no que se atopan certas comunidades e valorar os alimentos.

Búsqueda na rede de información sobre os obxectivo 1, 2, 10, 16 e 17 dos ODS da Axenda 2030, de xeito global.

**<u>Bloque 2</u>.- Expresión artística.**

Descrición verbal dos sentimentos xurdidos da observación das representacións teatrais asociadas ao proxecto.

Cores, texturas, tamaños, formas, liñas, volumes, perspectiva.

Instrucións para a elaboración das obras artísticas.

Experimentación coas formas e texturas.

Traballo cooperativo

**<u>Bloque 3.</u>- Deseño realista.**

Proporción e deseño nos proxecto creativo.

**<u>III.9.- Competencias clave</u>**

- **Comunicación lingüística:** Nomear formas, tamaños, cores, produtos da horta, términos teatrais e emocións. Falar sobre as diversas emerxencias relacionadas coa fame por mor do cambio climático e da man do home.
- **<u>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:</u>** <u>Recoñecer e debuxar formas xeométricas. Coñecemento das distintas formas, tamaños e volume que compoñen os obxectos do proxecto.</u>
- **Competencia dixital:** Desenvolver destrezas informáticas. Utilizar o ordenador para observar detalles do obxecto do proxecto e practicar o vocabulario.
- **Aprender a aprender:** É quen de organizar de xeito correcto os distintos obxectos e situalos no espazo.
- **Competencias sociais e cívicas:** Recoñecer a importancia de disfrutar e aproveitar o traballo escolar ao máximo. Respecto polas opinións dos demais
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:** Elixir formas, cores e deseño para crear unha obra. Creatividade á hora de elaborar propostas arriscadas.
- **<u>Conciencia e expresións culturais:</u>** <u>Respeto polas distintas formas de expresión plásticas e culturais.</u>

**III.10.- Avaliación.**

Para avaliar o resultado do proxecto elaboraremos unha táboa con aquelas cuestións que máis nos interesa valorar.

| | |
|---|---|
| Participa todo o alumnado? | |
| Os nenos/as foron protagonistas? | |
| Cal foi o sentir do alumnado? | |
| O alumnado expuxo o seu proxecto? | |
| As actividades resultaron atractivas? | |
| Participaron as familias? | |
| O proxecto sae da escola? | |
| Acadáronse os obxectivos específicos propostos? | |
| Desenvolvemos as comp. clave iniciais? | |
| Os recursos proporcionados pola biblioteca foron axeitados? | |
| Foi axeitada a temporalización? | |
| A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben? | |

# PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE.

**DIVERSIDADE NO HORTO**

O horto escolar constitúese como un marco idóneo para levar a cabo propostas relacionadas coas áreas instrumentais e o traballo das competencias claves e ademais da estar en contacto co noso entorno próximo e a natureza. A nosa escola está nun entorno privilexiado e debemos fomentar no alumnado valores como o coidado, respecto e desfrute polo medio ambiente. O horto escolar pode ser unha fonte de motivación para que o alumnado planifique, colabore, tome decisións e asuma responsabilidades individuais e colectivas.

**OBXECTIVO XERAL:**

Planificar, organizar, desenvolver e analizar unha proposta práctica en torno ao horto escolar que favoreza aprendizaxes vivenciais e significativas, e que fomenten no noso alumnado de PT e AL o coidado e conservación do noso planeta.

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Abordar o currículo de maneira práctica e vivencial sobre todo nas áreas instrumentais (linguas e matemáticas)

- Coñecer o vocabulario relacionados co horto e os seus cultivos (verduras, froitos, plantas)

- Observar e coñecer a fauna que vive no noso horto escolar (insectos, aves ...)

- Coñecer as ferramentas e materiais que se precisan para traballar no horto.

- Coñecer os elementos básicos que precisa unha semente para convertirse nunha planta.

- Coñecer e identificar a variedade de sementes.

- Coñecer algunhas características das plantas das que nos alimentamos.

- Espertar o interese do noso alumnado cara o entorno próximo e preto, así como, aprender a valoraralo e coidalo.

- Impulsar valores como a paciencia, a responsabilidade, o compromiso e a autonomía.

- Aproveitar o noso entorno para realizar actividades de mindfulness e ioga no horto.

Desenvolver as **COMPETENCIAS BÁSICAS** ligadas ao horto escolar:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** Fomentarase a través do PDI que o alumnado desenvolva as 4 destrezas básicas comunicativas: ler, escribir, escoitar e falar; a través da linguaxe escrita ou do traballo oral indiferentemente, potenciando a fala exploratoria principalmente, a reflexión e a crítica.

- **Competencia matemática e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñeira (STEM)** Esta competencia levarase a cabo a través do uso e a utilización de números e operacións matemáticas en diferentes fases do horto escolar, como, por exemplo, no deseño realizaranse cálculos de áreas ou superficies, na construción e desenvolvemento elaborarase unha lista cos gastos dos materiais, das sementes, etcétera.

- **Competencia dixital (CD):** Empregaremos o uso das novas tecnoloxías a través do ordenador para buscar información sobre o noso PDI.

**Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)**: O horto escolar constitúese como un recurso educativo que establece un escenario esencial para poñer en xogo o fomento e desenvolvemento de estratexias que favorecen a construción de aprendizaxes autónomos, a través da construción de coñecementos por parte do alumnado, apostando por una metodoloxía na que o alumnado son os protagonistas.

**- Competencias sociais y cívicas(CSC)**: O horto escolar constitúe un traballo en grupo o que favorecerá as relacións persoais xa que se traballa de forma cooperativa, compartindo experiencias, espazos, tempos... Por outro lado, pretendese inducir ao alumando nunha responsabilidade social e cívica co entorno e o medio ambiente, fomentando actitudes de sostibilidade e protección ambiental, condenando aquelas conductas que causen unha problemática medioambiental.

**- Competencia emprendedora (CE):** O proxecto supón o desenvolvemento de desenvolver a capacidade de toma de decisións con reflexión e criterio, así como, adquirir responsabilidade e implicarse activamente.

**- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)** o alumnado a través de propostas elaboradas desenvolverán a creatividade, a imaxinación a partir do horto escolar.

# ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E MÚSICA E DANZA.

## "HORTA ESCOLAR: MELLORANDO OS HÁBITOS ALIMENTICIOS A TRAVÉS DA MÚSICA E DA EXPRESIÓN CORPORAL"

O curso 2024/2025, o P.D.I. de Educación Física e Música e Danza segue a directriz marcada polo PDI Anual do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro ***" No Sueiro plantamos as sementes dunha convivencia diversa e multicultural, para recoller os seus froitos no noso horto escolar"*** . Neste curso escolar a temática céntrase na importancia dos ***hortos escolares e da mellora dos hábitos alimenticios*** centrándonos nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) dentro da Axenda 2030.

A loita contra o cambio climático, tanto a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro como a adaptación ao cambio climático, é unha prioridade para España. O obxectivo é prepararnos para afrontar os impactos do cambio climático, sentar as bases dunha economía neutra en emisións e acompañar aos colectivos máis vulnerables no proceso de transición.

Para a realización do Proxecto Documental Integral durante todo o curso escolar 2024/2025 utilizaremos diversos materiais entre os que se encontrar os seguintes:

**Libros de consulta:**

- **"Hortos escolares: unha guía para educadores"**- Centro de Recursos para a Educación
- **"Guía de hortas urbanas"**-FAO

- **"Permacultura. Unha guía práctica para a agricultura da vida real"**- David Holmgren
- **"Educación para a sustentabilidade: un enfoque práctico"**- Nacións Unidas
- **"O pequeno libro da agricultura urbana"**- Carles Agustí & Adelaida Toquero

**Temporalización**:

Durante todo o curso en sesións de 50 minutos nas materias de Educación Física ou Música e Danza.

**Metodoloxía**:

- **Aprendizaxe experiencial:** utiliza o xardín como un espazo práctico de aprendizaxe, onde os alumnos participan activamente en todas as etapas do cultivo.
- **Educación inclusiva:** garante que todos os alumnos, independentemente das súas capacidades físicas ou cognitivas, participen na actividade do xardín.
- **Interdisciplinariedade:** integra materias como ciencias, matemáticas, arte e educación física mediante actividades de xardín.

**Contribución ás competencias básicas e transversais e competencias claves da Unión Europea:**

O desenvolvemento desta unidade contribuirá ao crecemento do conxunto das competencias claves definidas no marco normativo, en especial ás competencias sociais e cívicas, ás de aprender a aprender e ás do sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Buscarase o logro da conciencia social e da intervención no medio e porase en valor a creatividade e o traballo en equipo na resolución de problemas ambientais.

**Obxectivo xeral:**

Mellorar os hábitos alimenticios da comunidade escolar, fomentando o consumo de froitas e verduras, participando no Certame de Teatro Escolar e implicando á comunidade escolar na realización da experiencia.

**Obxectivos específicos:**

1. Mellorar os hábitos alimenticios dá comunidade escolar, fomentando o consumo de froitas e verduras.
2. Participación na realización das obras de teatro.
3. Implicar a la comunidad escolar en la realización de la experiencia.

**Contidos**:

**Alimentación saudable:**

- Importancia do consumo de froitas e verduras.
- Beneficios para a saúde e o benestar.

**Teatro como ferramenta educativa:**

- Introdución ao teatro: conceptos básicos e técnicas.
- Elaboración de guións relacionados coas froitas e verduras.

**Implicación da comunidade escolar:**

- Estratexias para involucrar a familias, profesores e alumnos.
- Actividades colaborativas: talleres, charlas e eventos.

**Actividades prácticas:**

- Degustación de diferentes tipos de froitas e verduras.
- Creación de cartaces ou murais sobre hábitos alimenticios saudables.

**Criterios de avaliación.**

**Participación activa:**

- Avaliar a implicación dos alumnos nas actividades propostas relacionadas co consumo de froitas e verduras.

**Creatividade no teatro:**

- Valorar a orixinalidade e a calidade das representacións teatrais realizadas no Certame de Teatro Escolar.

**Colaboración comunitaria:**

- Comprobar o nivel de participación da comunidade escolar (familias, profesores) nas actividades organizadas.

**Comprensión dos hábitos alimenticios:**

- Evaluar se os alumnos son capaces de explicar a importancia dunha alimentación equilibrada e os beneficios das froitas e verduras.

**Reflexión sobre a experiencia:**

- Valorar as reflexións dos alumnos sobre o que aprenderon durante o proxecto e como poden aplicar isto na súa vida diaria.

**Actividades:**

**Taller de cociña saudable:**

- Descrición: Organizar un taller onde os alumnos poidan preparar receitas sinxelas utilizando froitas e verduras.

**Mercado de froitas e verduras:**

- Descrición: Crear un mercado dentro do colexio onde se ofrezan diferentes tipos de froitas e verduras para que os alumnos as proban.

**Teatro sobre alimentación saudable:**

- Descrición: Elaborar unha obra de teatro ou pequenas representacións que traten sobre a importancia das froitas e verduras, involucrando aos alumnos en todas as etapas (guión, actuación, decoración).

**Campaña de sensibilización:**

- Descrición: Crear cartaces, murais ou vídeos informativos sobre os beneficios das froitas e verduras, que se exporán en diferentes lugares do colexio.

**Xornadas de degustación:**

- Descrición: Organizar xornadas onde se ofrezan degustacións de diferentes pratos elaborados con froitas e verduras, invitando tamén ás familias a participar.

**Charlas con expertos:**

- Descrición: Invitar nutricionistas ou chefs para dar charlas sobre alimentación saudable e realizar demostracións culinarias.

***Avaliación*:**

Será continua, baseada na observación diaria, mediante a recollida de datos segundo un rexistro de ítems. Para avaliar o resultado utilizaremos a seguinte táboa de dobre entrada, sendo avaliada por cada un dos alumnos/as e polo docente. A táboa indícase os seguintes aspectos (SI (S), NON (N), Mellorable (Me).

**Avaliación profesorado:**

| | S | N | Me |
|---|---|---|---|
| A experiencia resultou satisfactoria? | | | |
| Cal foi o sentir do alumnado? | | | |
| Os nenos/as foron protagonistas? | | | |
| Participaron as familias? | | | |
| O alumnado expuxo  o seu proxecto? | | | |
| Foi axeitada a temporalización? | | | |
| Acadáronse os obxectivos específicos propostos? | | | |
| As actividades resultaron atractivas? | | | |
| Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados? | | | |
| Resultou ben a metodoloxía de aprendizaxe por proxectos? | | | |
| Desenvolvemos os obxectivos iniciais? | | | |
| O proxecto aplicase a vida cotiá do alumnado? | | | |
| Houbo un cambio real na realidade da noso centro? | | | |

**Avaliación do alumnado:**

| | S | N | Me |
|---|---|---|---|
| A experiencia resultouche satisfactoria? | | | |
| Consideras que fuches o protagonista da actividade? | | | |
| A túa familia axudouche a entender os libros? | | | |
| Fuches quen de expoñer o proxecto ante os teus compañeiros/as? | | | |
| Deuche tempo a ler cada un dos libros? | | | |
| Fuches capaz de resolver os problemas que se lle presentaban a cada un dos personaxes? | | | |
| Gustáronche os libros? | | | |
| Gustouche a maneira de traballar os contos a través do diálogo e o intercambio cos compañeiros/as? | | | |
| Resultouche interesante o que liches nos libros? | | | |
| Fixeches propostas para mellorar o proxectos realizados? | | | |
| Participaches activamente nos proxectos formulados? | | | |